

ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA - FORMULARIO DE SOLICITUDE TARXETA DE CIDADANÍA

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DNI	DATA DE NACEMENTO	<input type="radio"/> Empadroado/a <input type="radio"/> Residente Temporal
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ENDEREZO		
<input type="text"/>		
TELEFONO MÓBIL	TELEFONO FIXO	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DATA	SINATURA	
<input type="text"/>	No caso de ser menor de idade cubrir os datos do Titor/a	

A persoa que asina acepta que os datos aquí recollidos sexan incorporados a un ficheiro informatizado propiedade do Concello de Allariz. Así mesmo, a persoa usuaria poderá exercer o seu dereito a que os datos sexan eliminados do mesmo se así o solicita ao Concello de Allariz.

A persoa solicitante tamén acepta que o Concello emita os documentos internos necesarios para **corroborar** a existencia desta persoa no padrón municipal, así como realizar as comunicacións necesarias coa persoa interesada para tramitar a tarxeta de cidadanía.

No marco do cumprimento da lexislación vixente, recollida na Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), cuxo obxecto é garantir e protexer, no que se refire ao tratamento de datos persoais, as liberdades e dereitos fundamentais das persoas físicas e, especialmente, a súa honra e intimidade persoal, o Concello de Allariz informa á persoa titular que asina este documento do seguinte:

- O Concello de Allariz adoptou e adoptará as medidas técnicas e organizativas conforme ao disposto na normativa vixente.
- Os datos de carácter persoal que se recollen neste impreso de adhesión á tarxeta de cidadanía son obxecto de tratamento manual e/ou automatizado e incorporaranse en arquivos que cumpren coas medidas de seguridade esixibles segundo a normativa vixente.
- Os datos de carácter persoal que se recollen nos formularios de inscrición incorporaranse a un arquivo da base de datos que estará inscrito no Rexistro Xeral de Protección de Datos.
- A recollida e tratamento automatizado dos datos de carácter persoal ten como finalidade o mantemento da relación entre o Concello de Allariz e a persoa usuaria no relativo á Administración electrónica e á participación cidadá.
- O Concello de Allariz adoptará os niveis de seguridade adecuados aos datos que se facilitan e, ademais, instalará os medios e medidas técnicas ao seu alcance para evitar a perda, mal uso, alteración, acceso non autorizado e roubo dos datos facilitados.
- A persoa usuaria poderá, en todo momento, exercer os dereitos recoñecidos na LOPD de acceso, rectificación, cancelación e oposición. O exercicio destes dereitos pode realizarse a través do enderezo electrónico concello@allariz.gal, podendo tamén exercerse nos termos que establece a normativa aplicable.

Nº de Solicitud

Solicitud Atendida por